



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL
CON DATA 22 DE XUÑO DE 2015**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinteunha horas do día vintedous de xuño de dous mil quince, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; e D^a M^a Dolores Esperón Feijoo.

Non asisten: D. Rafael Louzán Abal.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo

O Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose a considerar os asuntos incluídos na orde do día.

1º.- ACTA ANTERIOR.-

Dase conta á Corporación da acta da sesión anterior, correspondente á de constitución da Corporación, celebrada con data 13 de xuño de 2015

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer á mesma, e non realizándose ningunha, a devandita acta é aprobada por unanimidade dos Sres. asistentes na forma en que está redactada.

2º.- RÉXIMEN DE SESIÓNS DO PLENO MUNICIPAL.-

O Sr. Alcalde toma a palabra para dar conta da proposta de periodicidade das sesións do Pleno, dando conta de que propónse a mesma periodicidade con que se viña celebrando ata agora, de forma bimestral, dando lectura á proposta do teor literal seguinte: "*De acordo có establecido no artigo 38 a) do ROFRXCCLL debe procederse a establecer a periodicidade na celebración de sesións ordinarias do Pleno do Concello.-*

A tal fin se propón a adopción de acordo polo que se fixe a celebración de ditas sesións ordinarias nas seguintes datas e horas: primeiro xoves de cada bimestre (nos meses impares)



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- *ás 20:00 horas nos meses de xaneiro, marzo e novembro.*
- *Ás 21:00 horas nos meses de maio, xullo e setembro.*

Pola Sra. Peña Muñiz maniféstase que lle sorprende a forma de actuar do equipo de goberno que, na oposición demanda unha ideas e cando están no goberno non as aplica; di que esta sesión é moi importante xa que regula o funcionamento e organización e non se ten consultado nada ó grupo que representa ó maior número de veciños (a 1.304); que na campaña e no acordo de goberno adoptado ó parecer se prometeu que ía a existir unha xunta de portavoces e que se convocaría as sesións con tres días de antelación e non se cumpriu; que o equipo de goberno defendía ideas distintas das que logo levan a cabo

Continúa dicindo que transparencia tamén sería escoitar ós veciños e non os escoitaron; que o equipo de goberno defendían transparencia e diálogo e o faen igual que o anterior equipo ou peor e facendo o que criticaban neles.- Que espera que esa postura sexa por falta de coñecemento ou tacto e que non vaia a ser a forma de proceder habitual de actual goberno.

O Sr. Alcalde dí que o equipo de goberno defende a transparencia e a participación dos grupos e que foron eles os que dende hai anos non o veñen facendo; que se non están de acordo durante doce anos puideron cambialo e non o fixeron; que o que buscan é protagonismo.- Que o novo goberno sí vai facer outra política e que están regulando o réxime de sesións tal e como viñan facendo.

O Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R; PSdeG-PSOE e PDD-Somos Ribadumia) e cinco abstencións (P.P.) acorda: Fixar a celebración das Sesións Ordinarias do Pleno do Concello con carácter bimensual o primeiro xoves de cada bimestre (nos meses impares) ás 20:00 horas nos meses de xaneiro, marzo e novembro e ás 21:00 horas nos meses de maio, xullo e setembro.

3º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta de que debe procederse a determina-las Comisións Informativas Permanentes que se van a crear no Concello, propoñendo o grupo de goberno a creación das seguintes comisións que funcionarán tamén como áreas de traballo, das que os responsables serán os concelleiros que se designan como presidente en cada unha das comisións propostas, e que son as seguintes:



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

**PROPOSTA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS
COMISIÓNS INFORMATIVAS.-**

En virtude do establecido nos artigos 123 a 126 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais procede determinar as Comisións Informativas Permanentes que se van a crear no Concello, propoñendo o grupo de goberno a creación das seguintes comisións que funcionarán tamén como áreas de traballo:

- *C. I. de Contas, Economía, Facenda, Persoal e Réxime Interno*
- *C. I. de Cultura e Educación*
- *C. I. de Deporte e Xuventude*
- *C. I. de Obras, Servicios e Urbanismo*
- *C. I. de Parques, Limpeza e Medio Ambiente*
- *C. I. de Participación e Orientación veciñal, eventos e Protección Civil*
- *C. I. de Servicios Sociais, Terceira Idade e Sanidade*
- *C. I. de Promoción Económica: Agricultura, Industria, Comercio, Emprego e turismo.*

Así mesmo propónse que as mesmas estén compostas por sete membros, e respetando a proporcionalidade da representación que cada grupo político ostenta na Corporación lle correspondería:

- *3 membros do Partido Popular*
- *2 membros de Independentes por Ribadumia*
- *1 membro do PsdeG- PSOE.*
- *1 membro de PDD-Somos Ribadumia*

A Sra. Peña Muñiz dí que vota en falla que non se cree un área de turismo que é un área moi importante.- Indica que na anterior lexislatura crearonse oito comisións, pero logo agrupáronse en catro, para maior democratización da vida política e que estiveran representados tódolos concelleiros, e solicita que se faga o mesmo: é dicir que se diminúa o número de comisións e que en cada unha delas esten representados tódolos concelleiros xa que iso non supón maior desembolso económico.

O Sr. Alcalde indica que a maneira de dar democratización a cada área é convocar cada unha das comisións para trata-los asuntos, e que cada día que se convoquen as comisións convocaríanse varias no mesmo día; que xa se está a dar a democratización que se solicita xa que están representados todos os grupos políticos, pero non é necesario que esten presentes tódolos concelleiros porque senon xa sería un pleno.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

A Sra. Peña Muñiz dí que se revise se se tería que crear o grupo mixto xa que nese caso estaría formado por dous concelleiros e estes terían que estar representados proporcionalmente nas comisións.

A Secretaria aclara que interpretase que a partires da Lei 57/2003 que modificou o artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local, non se ha de proceder á constitución do grupo mixto.

O Sr. Serantes Alvarez dí que non está de acordo con esta interpretación e que hai sobrerrepresentación nas Comisións de dous grupos políticos que están representados ó 100% e o Partido Popular e Independentes por Ribadumia só están representados en parte, por eso manteñen a súa proposta, xa que, ademáis non representa maior desembolso económico; que é o máis democrático se están representados todos os concelleiros nas comisións, xa que se non se prima ós grupo minoritarios.

O Sr. Alcalde dí que é mellor non agrupar distintas áreas nunha mesma comisión informativa; que o feito de que haxa unha comisión por área non perxudica ó P.P. porque están representados proporcionalmente e se escoitan igual as propostas que teña que realizar o grupo; así considera que a organización é máis aberta porque hai máis áreas.

O Sr. Oubiña Lago dí que as comisións non son plenos; que teñen que estar representados os grupos políticos non todos os concelleiros; que así se amplía o número de comisións e se pode tratar con máis detalle cada asunto.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor (I. R; PSdeG-PSOE e Somos Ribadumia) e cinco votos en contra (P.P.) acorda: 1º.- A creación das seguintes Comisións informativas:

- C. I. de Contas, Economía, Facenda, Persoal e Réxime Interno
- C. I. de Cultura e Educación
- C. I. de Deporte e Xuventude
- C. I. de Obras, Servicios e Urbanismo
- C. I. de Parques, Limpeza e Medio Ambiente
- C. I. de Participación e Orientación veciñal, eventos e Protección Civil
- C. I. de Servicios Sociais, Terceira Idade e Sanidade
- C. I. de Promoción Económica: Agricultura, Industria, Comercio, Emprego e turismo.

2º.- Que as devanditas Comisións se integren por sete membros: tres do Partido



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Popular, dous de Independentes por Ribadumia; un do grupo de PsdeG- P.S.O.E.; e un do grupo do PDD-Somos Ribadumia; e 3º.- Que cada grupo político presente escrito de designación dos representantes de cada grupo que formará parte de cada unha delas e darás conta ó Pleno nunha próxima sesión.

4º.- NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS NOS QUE PARTICIPA O CONCELLO.-

Dase conta á Corporación de que en virtude do establecido no artigo 38 c) do ROFRXCCLL debe procederse a nomear ós representantes da Corporación en órganos colexiados, neste caso, en concreto, nos organismos que se indican a continuación.

Neste caso procede a designación de representantes nos órganos que se indican:

- No Consello Escolar
- Na mesa de Comercio Local
- Mancomunidad voluntaria de Arousa para o mantemento de matadoiro.
- Na Asociación Ruta do Viño Rías Baixas.
- No Grupo de Desenvolvemento Rural (G.D.R.)
- No Pacto Territorial de Emprego do Salnés
- Na Mancomunidad do Salnés.

Respecto deste organismo o artigo 4.1 parágrafo 3 dos Estatutos da Mancomunidad do Salnés actualmente vixentes establece que:

"A Xunta da Mancomunidad estará formada por 27 membros, que serán os nove alcaldes dos concellos mancomunados, ou concelleiros en quen deleguen, ademais de dous concelleiros nomeados por cada un dos concellos, en acordos plenarios, nos que serán elexidos nunha única votación, votando cada concelleiro a un só candidato. Poderán ser candidatos todos os concelleiros da corporación respectiva".

Formará parte da Xunta da Mancomunidad:

- O Alcalde (ou concelleiro en quen delegue)



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- 2 concelleiros máis

Dase conta da proposta de designación dos representantes que se indican na mesma, en cada un dos organismos:

Así mesmo propóñse como representantes na Mancomunidade do Salnés a:

David J. Castro Mougán (Alcalde)

D. José Ramón González Ledo

D^a M^a Salomé Peña Muñiz

O Pleno Municipal, acorda: 1º, por unanimidade dos Sres. Asistentes, prestar aprobación á designación d dos representantes do Concello nos organismo indicados:

- No Consello Escolar

Titular: M^a del Mar Rey Pérez (ou concelleiro en quen delegue)

- Na mesa de Comercio Local

Titular: M^a do Pilar Martínez Troncos (ou concelleiro en quen delegue)

- Na Mancomunidade voluntaria de Arousa para o mantemento de matadoiro.

Titular: M^a do Pilar Martínez Troncoso (ou concelleiro en quen delegue)

- Na Asociación Ruta do Viño Rías Baixas.

Titular: M^a do Pilar Martínez Troncoso (ou concelleiro en quen delegue)

- No Grupo de Desenvolvemento Rural (G.D.R.)

Titular: M^a do Pilar Martínez Troncoso (ou concelleiro en quen delegue)

- No Pacto Territorial de Emprego do Salnés

Titular: M^a do Pilar Martínez Troncoso (ou concelleiro en quen delegue)

2º.- Sometido a votación a proposta de designación de membros representantes



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

da Mancomunidade do Salnés, co seguinte resultado:

- A favor de D. José Ramón González Ledo: 6 votos
- A favor de D^a M^a Salomé Peña Muñiz: 6 votos

5º.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE.-

Dase conta da Resolución dictada pola Alcaldía con data vinte de xuño de 2011, do teor literal seguinte: " *Tendo en conta o establecido no artigo 20 b) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (segundo a redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local) e en concordancia co establecido no artigo 59.2 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia que establece que: "A Xunta de Goberno Local existe en tódolos Concellos con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello".*

Tendo en conta o establecido no artigo 23 da devandita norma que establece que: "A Xunta de Goberno Local se integra polo Alcalde e un número de concellais non superior ó tercio do número legal dos mesmo, nomeados e separados libremente polo Alcalde, dando conta ó Pleno"

RESOLVO:

Designar como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadumia ós seguintes concellais:

- *D^a M^a del Mar Rey Pérez, que terá a condición de Primeira Tenente de Alcalde.*
- *D. Enrique J. Oubiña Lago, que terá a condición de Segundo Tenente de Alcalde.*
- *D. José Ramón González Ledo, que terá a condición de Terceiro Tenente de Alcalde; e*
- *D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso, que terá a condición de Cuarta Tenente de Alcalde.*

A Sra. Peña Muñiz dí que debe existir a Xunta de Goberno para maior operatividade, pero solicita que estén limitados os importes das facturas que aprobo dito órgano e solicita que a aprobación das facturas de máis de 6.000 euros se delegue no Pleno, así como a contratación de persoal, convenio urbanísticos e investimentos; que o



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

grupo do P.P. no seu día (cando estaban en minoría, na lexislatura de 2003-2007) o fixeron así.- Que a oposición naquel momento (que algúns están agora no goberno) eran os que falaban de que se fixera así; que cando estaban na oposición reclamaban unhas cousas e agora practican outra: que iso non demostra a transparencia e a democratización.

O Sr. Oubiña Lago dí que se continúa igual que ata de agora, que non se cambian as bases de execución do presuposto e que si o P.P. o fixo así cando estaban en minoría, pregunta porqué o cambiaron despois.

O Sr. Alcalde día que cumprirán en todo caso a normativa e que no pacto de goberno recollido se limita o gasto por áreas en 2.500 euros e que por riba deso ten que ser aprobado pola Xunta de Goberno, como mínimo polos 2/3; que eso é máis democrático que o que se viña facendo ata agora.

O Pleno Municipal dase por enterado do contido do anterior decreto da Alcaldía.

6º.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS E CREACIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES.-

Nesta punto da orde do día dase conta á Corporación dos escritos presentados por cada un dos representantes dos grupos políticos polo que comunican a constitución dos grupos municipais e designan ós portavoces titulares e suplentes de cada un deles.

- Grupo Municipal de Independientes por Ribadumia, designa como voceiro titular a D. David J. Castro Mougán; e como suplente a D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso.
- Grupo Municipal do PsdeG- PSOE, designa como voceiro a D. José Ramón González Lede;
- Grupo Municipal de PDD- Somos Ribadumia, designa como voceiro a D. José Enrique Oubiña Lago.
- Grupo Municipal do Partido Popular, designa voceiro titular a D^a M^a Salomé Peña Muñiz; e como suplente a D. Luis Serantes Alvarez.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Así mesmo dase conta da constitución da Xunta de Portavoces, formada polos voceiros de cada un dos grupos políticos.

O Pleno Municipal dase por enterado.

7º.- DEDICACIÓNS EXCLUSIVA E PARCIAL DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.-

Dase conta da proposta na que consta que "a vista dos numerosos servicios existentes, o contante incremento de poboación que se ven producindo e os proxectos que esta Corporación ten previsto desenvolver; vista a distribución de áreas e servicios realizada, considérase necesario contar con algúns membros da Corporación que se adiquen de forma específica para realizar traballos de xestión, atencións ós veciños, organización e vixilancia dos servicios, entre outros aspectos; Visto o indicado no artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e tendo en conta o disposto nos artigos 75 bis e ter do devandito texto legal, sobre a aplicación de limitacións referidas ó número de cargos públicos con dedicación exclusiva, que poden ter as corporacións locais, en atención á súa poboación, que no caso destes Concello sería de ata 3 membros con adicación exclusiva.

Por tal motivo, en base á distribución de áreas e servicios realizada, considérase necesario a aprobación das seguintes adicacións:

– Adicación exclusiva do Concelleiro de obras, servicios e urbanismo e servicios sociais e terceira idade e sanidade, D. Enrique J. Oubiña Lago, cunha asignación anual de 33.500 euros brutos, distribuídos en 14 pagas (o que representa un importe neto mensual aproximado de 1.800 euros)

– Adicación parcial do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, cunha asignación anual de 20.500 euros brutos, distribuídos en 14 pagas (o que representa un importe neto mensul aproximado de 1.200 euros)

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz que indica que propónse dúas dedicacións (exclusiva e parcial) que non se corresponde co anunciado polo equipo de goberno; que sobrepasa a cantidade que tiña anteriormente asignado ela como Alcaldesa; que sempre se falou só dunha adicación e na lexislatura de 2003 algúns dos partidos que agora están no goberno non aprobaron a súa adicación exclusiva en tanto non se demostrara a xestión realizada; entende que un alcalde ten que tener adicación exclusiva e lle sorprende que o que a teña sexa un concelleiro encargado de dúas áreas e non o alcalde que é quen coordina todas; que iso lle parece máis un pago de favores.

Remata dicindo que o P.P. cando gobernou tivo unha adicación exclusiva (e que



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

cando estaba en minoría non a aprobaron e non cobrou adicación)

O Sr. Alcalde dí que está indo moi atrás; que durante esta mesma campaña o propio Sr. Serantes Alvarez na prensa propoñía dúas adicacións exclusivas.-

Que ela tamén tivo dúas adicacións exclusivas pagadas con diñeiro público (que todos os veciños o saben).

A Sra. Peña Muñiz dí que non sabe a quen se refire cando dín que había dúas adicacións exclusivas e que non entende que un concelleiro cobre máis que o Alcalde; que en todo momento na prensa decían que non lle ía supoñer máis gasto ó concello e vese que lle supón 12.000 euros máis.

A Sra. Rey Pérez aclara que refírense á Sra. Lidia Alvarez e o Sr. Manuel Mougán e que iso saía igual do bolsillo de todos aínda que non constara que as pagaba o Concello; que nas lexislaturas de 2003 e 2007 condicionouse a aprobación do soldo da alcaldesa a que se lles facilitara a xestión económica habida anteriormente, que se les facilitara un despacho para a oposición e estiveron oito anos e non se deron ningunha desas dúas circunstancias.

A Sra. Peña Muñiz dí que as contas se aprobaban polo pleno cada ano e que este é un pleno moi importante de organización e de aspectos económicos e que non entende que non se teña contado co partido que representa a máis veciños; dí que non está en contra de que o Alcalde cobre, pero solicita que se deixe pendente ata que se consensúe por tódolos grupos; e que ademáis entende que neste momento non haberá partida para todo o ano.

A Sra. Rey Pérez indica que entende que a Sra. Peña adopte esa postura; que o gasto non representa 12.000 euros máis ó ano xa que ó haber dous concelleiros con adicación, ningún deste dous cobrará por asistencias a sesións ou comisións (antes só era a alcaldesa a que non cobraba por este concepto); que o total de adicacións supón 2 € por veciño ó ano, así que entenden que non supón tanto.

O Sr. Alcalde manifesta que a Sra. Peña non está aplicando o mesmo criterio que cando estaba gobernando; que o P.P. tamén anunciou que ían ter dúas adicacións; que é o Concello que menos custo ten en adicacións, e se é así que a Sra. Peña o deberá recoñecer ante o pleno.-

A Sra. Peña contesta que ata de agora era así, pero agora xa veremos que non se sabe ata que non as aproben todos os da comarca, e se é así o recoñecerá.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde continúa dicindo que o P.P. é un partido de estrutura e que na comarca as asignacións que están aprobando son bastante superiores a que se propón aquí; e ten que ser coherente; que son datos razonables e transparentes.

O Sr. Oubiña Lago indica que o que propúxose é que se era necesario se liberara a outro concelleiro e non ter unha persoa pagada pola Deputación e sen vinculación algunha có Concello.


Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para felicitar ó Sr. Oubiña Lago que pese ós apoios obtidos nas eleccións a súa capacidade negociadora (non pode decir o mesmo do representante do PSOE que demostra casi pasotismo) por ter unha representación nas Comisións informativas, na Xunta de Goberno e unha adicación exclusiva e que se encargue das áreas de traballo que máis carga de traballo ten e obteña un soldo superior incluso da persoa que coordina tódalas áreas e se cumpre cos traballos que se lle encomendan tamén lle felicitará.- Continúa dicíndolle que o seu grupo, no seu día, negou o soldo á alcaldesa e agora líganse a compañeiros de corporación que tanto e tanto criticaron.- Lle felicita por acadar acordos tan beneficiosos para el e para o seu grupo.-

O Sr. Oubiña Lago replica que non houbo pago de favores.- Que hai un equipo de goberno; que se repartiron as áreas e o que máis traballo ten se considerou que era necesario liberalo.

Fae uso da palabra o Sr. González Lede para dicir que el representa unha tarefa moi concreta e non é portavoz do equipo de goberno.- Que o P.P. quere tentar prender cizaña e vai a telo complicado porque non vai conseguir desestabilizar ó equipo de goberno.- Que en temas de transparencia non lle van a dar leccións; que neste primeiro pleno todos os concelleiros poder expresarse libremente (réplica, contraréplica e máis contraréplicas) cosa que ata de agora non pasaba co goberno do P.P., e agora estes propugnan a rexeneración e democratización: pois benvido a nova Corporación e él se sinte orgulloso que os que lle votaron a en sexan tan importantes coma os que votaron o P. P.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I. R; PSdeG-PSOE e Somos Ribadumia) e cinco abstencións (P.P.) acorda aprobar as seguintes adicacións:

- Adicación exclusiva do Concelleiro de obras, servizos e urbanismo e servizos



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

sociais e terceira idade e sanidade, D. Enrique J. Oubiña Lago, cunha asignación anual de 33.500 euros brutos, distribuídos en 14 pagas.

- Adicación parcial do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, cunha asignación anual de 20.500 euros brutos, distribuídos en 14 pagas.

E, non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as vintedúas horas e cinco minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-

